



## Repsol desmantela as súas instalacións de sólidos do Porto interior da Coruña

- Desde finais de ano están a realizarse os labores de desmantelamento dos sistemas de carga de xofre e coque, que conlevarán un volume total de 40.000m<sup>3</sup> de materiais.
- Ademais, Repsol xa presentou o proxecto de demolición dos tanques de cru existentes no porto interior, para a concesión das autorizacións administrativas pertinentes, previas ao comezo dos traballos.
- Todas estas actuacións forman parte das accións previas ao traslado de todas as operacións de tráfico existentes no Porto interior, onde a compañía ten concesión ata 2027.

O Complexo Industrial de Repsol está a proceder á demolición das instalacións de carga de sólidos do seu terminal marítimo no Porto interior da Coruña.

Tras a obtención dos permisos e autorizacións, desde finais de 2024 está a traballarse nunha superficie de actuación de máis de 5.000 m<sup>2</sup>, sendo as naves de descarga de carbón e de xofre as que primeiro se desmantelaron. Posteriormente, continuouse cos sistemas de carga de xofre e coque aos buques que estaba situada no propio peirao de San Diego.

Todos estes sistemas supoñen aproximadamente unha superficie 2.600 m<sup>2</sup> de zona estrutural, que inclúe ademais as distintas edificacións, entre as que destacan os silos de 30 m de altura cada un, nos que se está a traballar estes días.

Tamén se está a levar a cabo o desmonte dos equipos consistentes na cargadora de buques, tolvas, cintas transportadoras de ciclo pechado cunha media entre 7 e 17 m de altura, así como filtros e motores, entre outros moitos materiais que conlevarán un volume total de 40.000m<sup>3</sup>. Todos os residuos xerados estanse segregando para o seu posterior tratamento mediante reciclaxe e valorización.

Está previsto que os traballos continúen as próximas semanas ata a súa total finalización.

Por outra banda, Repsol xa presentou o proxecto de demolición dos tanques de cru existentes no porto interior para a concesión das autorizacións administrativas pertinentes, previas ao comezo dos traballos.

Todas estas actuacións forman parte das accións previas ao traslado de todas as operacións de tráfico existentes no porto interior, onde a compañía ten concesión ata 2027. Repsol xa ten no Porto exterior a maioría dos seus tráfico portuarios que o pasado ano supuxeron 5,8 millóns de toneladas entre cru e sólidos (en torno ao 60%) e está a traballar na enxeñería para a segunda fase.